

Comunicado de APETEGA respecto á publicación do borrador do Decreto polo que se regulan as ensinanzas da Educación Secundaria Obrigatoria.

As asociacións do profesorado de tecnoloxía, APETEGA, e de música, ASOMUSICA, estivemos traballando na elaboración dunha proposta de horario (http://www.apetega.org/documentos/proposta_apetega-asomusica.pdf) con fin de que a teñan presente na mesa sectorial do vindeiro luns 5 de marzo, na que se tratará o tema, convencidos de que hai máis posibilidades que a da Consellería de Educación dun reparto horario máis equitativo da asignación horaria que non implique reducións tan drásticas para Tecnoloxía, Música e Ed. Plástica, coma as do borrador que veñen de presentar.

Como ides ver, á posible unha organización curricular máis equilibrada, sempre e cando a Consellería dea marcha atrás nas incongruentes decisións que acaba de tomar, coma:

- Propónse un horario que presenta un desequilibrio alarmante entre os ámbitos humanístico, científico, tecnolóxico e artístico. Esta proposta parece que foi realizada sen ningún tipo de criterio pedagóxico e contradí as recomendacións internacionais en materia educativa e os propios obxectivos marcados na Lei Orgánica de Educación.
- Introducción da obrigatoriedade da segunda lingua estranxeira nos tres primeiros cursos. Con esta decisión case o 35% do horario lectivo adícase ao estudo das linguas. Non é precisamente unha medida que conduza á mellora dos índices de fracaso escolar.
- Introducción no primeiro curso dunha materia dunha hora semanal chamada proxecto interdisciplinario. Consideramos que non é esta a forma correcta de tratar o traballo interdisciplinario. Ademais, resulta unha ousadía a introducción dunha nova materia vistas as limitacións do número de materias que establece a LOE nos dous primeiros cursos.
- A relixión aumenta o seu horario lectivo respecto a mínimo que establece a LOE, mentres que Tecnoloxía, Plástica e Música quedan no mínimo establecido na normativa estatal, sen considerar que este horario establécese tendo en conta que pode ser ampliado polas Comunidades Autónomas.
- A materia de Educación para a Cidadanía colócana en 2º de ESO cun aumento horario do 100% respecto o mínimo establecido na LOE. En 2º de ESO o número total de materias está limitado a 11, e no 3º curso non hai limitacións.

Preguntámonos:

- Cáles son os criterios pedagóxicos nos que se basea este cadro horario?
- Parécelles suficiente 4 horas obrigatorias en toda a etapa para que as vindeiras xeracións estean preparadas para desenvolverse nun entorno tecnolóxico?
- Teñen algún interese en mellorar a competencia tecnolóxica do noso país, sempre á cola de todas as estatísticas?
- Non consideran que a formación tecnolóxica na ESO orienta cara estudos de grao medio e superior de gran demanda e saída laboral?
- A qué se debe este desprezo pola tecnoloxía e polas ensinanzas artísticas?
- Qué teñen pensado facer con todo o profesorado destas especialidades?

Consideramos:

- A organización curricular desta etapa obedece máis a intereses corporativistas que a intereses educativos e pedagóxicos.



- A redución que sofre a formación tecnolóxica na etapa obrigatoria supón un gran paso atrás
 - o na adecuación das ensinanzas ao entorno do alumnado, afastando aínda máis os contidos tratados na escola da realidade social, fortemente marcada polo desenvolvemento da tecnoloxía.
 - o na orientación do alumnado cara os estudos medios e superiores de máis saída e promoción laboral.
 - o na educación para a igualdade, xa que o estudo obrigatorio da tecnoloxía achega o coñecemento tecnolóxico ás mulleres, superando estereotipos sociais por razóns de xénero.

Solicitamos:

- Unha revisión e corrección da distribución curricular das diferentes ensinanzas na Educación Secundaria Obrigatoria, baseada en criterios pedagóxicos e nas necesidades formativas da sociedade galega. Nesta corrección han de recuperarse unhas asignacións horarias dignas para Tecnoloxía e as ensinanzas artísticas.
- Asignación da materia de Informática ao departamento de tecnoloxía:
 - o As materias de Tecnoloxía e de Informática de 4º de ESO son a continuación da materia de Tecnoloxías dos primeiros cursos. Para unha maior coordinación e continuidade pedagóxica recoméndase que sexan responsabilidade do mesmo departamento.
 - o Se finalmente a carga horaria da materia de tecnoloxía sofre tal redución verase afectado gran cantidade de profesorado, problema que se solucionaría en parte coa asignación da materia de Informática. Ademais incórrase no contrasentido de que as outras especialidades ás que o borrador asigna a materia de informática non se lles reduce a carga horaria (Física e Química) ou mesmo se lle aumenta (Matemáticas). Isto crea ademais un conflito entre estes departamentos nos Centros, dos cales xa hai varios exemplos, que se evitaría asignando a materia de Informática en exclusiva ao de Tecnoloxía.

4 de marzo de 2007

APETEGA - Asociación do Profesorado de Tecnoloxía de Galicia
Apartado 142 - C.P. 15702 - Santiago de Compostela
www.apetega.org - contacto@apetega.org

